



Escola Municipal de



Surf

2019_20



Escola Municipal de SURF 2019/2020

Nacidos/as entre o 1999 e 2007

O Concello de Oleiros, coñecedor da problemática social que supoñen os ascendentes índices de obesidade infantil e xuvenil, do sedentarismo, e das dificultades que ás veces atopa a nosa mocidade para realizar actividades físicas e deportivas dun xeito regular, por en marcha un novo curso da Escola Municipal de Surf dirixidas a rapaces/as nacidos/as entre o 1999 e 2007.

O programa de actividades de Surf terá lugar no centro deportivo municipal da praia Bastiagueiro dende o **4 de outubro** de 2019 **ata o 29 de maio** de 2020, coincidindo sempre as súas sesión co calendario escolar. En caso de alerta por mal tempo a actividade poderase aprazar a períodos de vacacións ou ao mes de xuño. Teremos funcionando 3 grupos (só é posible inscribirse nun grupo):

- Venres de 16:00 a 18:00 horas
- Sábados de 11:30 a 13:30 horas
- Domingos de 11:30 a 13:30 horas

O Concello de Oleiros aportará traxes de neopreno e táboas para realizar a actividade

Normativa de inscrición e sistema de pagamento:

- **prazo de inscrición** de ocupación de prazas vacantes comezará o **2 de setembro**. Dada o límite de prazas en cada quenda, se as inscricións recibidas entre 2 e o 13 de setembro son superiores ás prazas ofertadas, realizaríamos un sorteo público coas inscricións recibidas ata o día 13. Dito sorteo terá lugar o día 17 ás 13.00 horas no auditorio da Fábrica. O día 18 os/as agraciados/as recibirán un correo electrónico de confirmación de praza. Neste período de inscrición as persoas empadroadas terán prioridade. A partir do mesmo día 19 a inscrición será por orde de chegada.
- Hai que presentar a inscrición nas oficinas do Servizo Municipal de deportes do Centro Municipal da Fábrica e deberá presentar a solicitude da mesma por rexistro. Tamén poderá inscribirse enviando a solicitude no seguinte correo **deportes@oleiros.org**
- Deberá cubrirse a ficha de inscrición coa autorización paterna e orde de domicialización bancaria co correspondente numero de conta e IBAN.
- **Para darse de baixa** no programa, deberase presentar a solicitude da mesma, no rexistro municipal da Fábrica, antes do día 20 do mes anterior ao que desexa causar baixa.

Prezo público (aproximado).

15 €/mes

Nome e apelidos do/a participante

Data de nacemento DNI

Centro educativo

Enderezo electrónico

- Venres de 16:00 a 18:00 horas
- Sábados de 11:30 a 13:30 horas
- Domingos de 11:30 a 13:30 horas

AUTORIZACIÓN MATERNA/PATERNA OU TITOR/A

Dª/D:

Con DNI

Tlfno 1: Tlfno 2:

Enderezo

CP Poboación

Enderezo electrónico

Solicita: Que os recibos correspondentes ao prezo público da actividade Escola Municipal de Surf, sexan presentados a cobro na entidade bancaria que se solicita.

Código conta cliente IBAN:

|| | | | | || | | | | || | | | | || | | | | || | | | | || | | | |

Autorizo a que sexan realizadas fotografías ou gravacións de imaxes do meu fillo/a ou representado/a participando na actividade na que se inscribe e que pasarán a formar parte dos arquivos gráficos das actividades do Concello. Estas imaxes poderán ser compartidas nun arquivo gráfico con outros/as participantes ou utilizadas nas publicacións municipais, tanto impresas como electrónicas.

Asdo. Nai/pai ou titor/a

Oleiros, a de de 20.....

Nota informativa: En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, informámolo/a que os datos persoais desta solicitude pasarán a formar parte dun ficheiro propiedade do Concello de Oleiros, con respecto ao cal poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos establecidos na normativa vixente, mediante escrito presentado no rexistro municipal ou por correo ordinario dirixido ao Centro Cultural A Fábrica (Rúa do Inglés nº 13 – 15172, Perillo – Oleiros) acompañado da fotocopia do DNI ou dun documento equivalente.

Cortar por aquí 